

Resolución reitoral do 21/03/2024 pola que se modifica a resolución reitoral (aprobada en Consello de Goberno do 03/11/2022) relativa ás medidas de aforro enerxético e redución do impacto medioambiental de aplicación do artigo 30 do Real decreto Lei 14/2022, do 1 de agosto.

Con data 13/03/2024 tivo lugar a reunión dun grupo de traballo formado polo Reitor, a Secretaria Xeral, a Xerenta o Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización, a Vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade, representantes dos Decanatos e Direccións das Facultades, das Escolas e dos Centros de Investigación, as Presidencias dos órganos de representación do persoal, así como por varias persoas elixidas por sorteo de cada un dos sectores da comunidade universitaria.

Nesta sesión analizáronse as implicacións dos puntos 2.1 e 2.2 da medida segunda “Peche de centros e medidas que se van aplicar durante todo o ano” e tendo en conta que se acordou facer modificacións nas datas e nos horarios dos peches.

RESOLVO suprimir o apartado 2.2 e modificar o apartado 2.1 da medida segunda da referida resolución, que queda redactado como segue:

2.1 Peche de centros, edificios e instalacións universitarias en horario de tarde.

Nas datas que se detallan a continuación todas as instalacións da UDC permanecerán pechadas ao público en horario de tarde.

- Desde o día 23 de decembro ata o 6 de xaneiro, ambos incluídos (estas datas axustaranse ao calendario académico de cada curso)
- Luns de Entroido
- Luns, martes e mércores de Semana Santa
- Desde o día 1 ao 31 de agosto, ambos incluídos

Quedan exceptuadas desta resolución as aulas de estudo que manterán os horarios que se publican cada curso académico.

Esta resolución publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC e entrará en vigor o día da súa publicación.

Código Seguro De Verificación	vAUBp14QwZBazwErPG1cpQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	18/04/2024 17:35:08
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/vAUBp14QwZBazwErPG1cpQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

